

**ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Corrección de erros.-Resolución do 9 de maio de 2005 pola que se convocan unhas xornadas sobre os contratos de consultoría, asistencia e servizos.

Advertido erro na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 92, do venres, 13 de maio de 2005, cómpre realizar a oportuna corrección:

Na páxina 8.122, na folla de inscrición, no punto «3. Actividade solicitada», onde di: «... que terá lugar no salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra, sito na rúa Benito Corbal 47...», debe dicir: «... que terán lugar no salón do Centro de Tecnificación Deportiva, sito na rúa Padre Fernando Olmedo nº 3 en Pontevedra».

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Orde do 12 de maio de 2005 pola que se convocan para a elección de destino os aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 26 de decembro de 2002 para o acceso a diversas categorías de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

Pola Orde do 26 de decembro de 2002 (DOG nº 2, do 3 de xaneiro) convocouse o proceso selectivo para o acceso a diversas categorías dos grupos IV e V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia sendo elevadas a definitivas as propostas de aspirantes que superaron o proceso selectivo mediante a Orde do 8 de abril de 2005 (DOG nº 70, do 13 de abril).

Por todo o exposto e de acordo co disposto na orde de convocatoria, esta consellería

DISPÓN:

Convocar os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o acceso ás categorías que se relacionan como anexo a esta orde para a elección de destino, en único chamamento, no salón de actos grande da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública o día 23 de maio ás 10.00 horas.

A orde de elección de destino dos aspirantes virá dada pola orde de prelación resultante do proceso selectivo.

Esta orde de prelación e os destinos ofertados serán os que figuran no anexo desta orde.

Os postos de traballo adxudicados terán a natureza de destino definitivo de acordo co disposto no artigo 7.2º do IV convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Os aspirantes que non comparezan persoalmente poderán ser representados por terceiras persoas con poder suficiente.

De acordo co establecido na base décima punto segundo quen, como consecuencia da súa participación nestes procesos selectivos, accedera á condición de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia en máis dunha categoría, unicamente poderá participar na fase de adjudicación de prazas nunha soa categoría, quedando en situación de excedencia voluntaria na categoría ou categorías restantes nas que alcanzou a citada condición de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

Aos aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de representantes seranlles adxudicados en destino definitivo o primeiro posto non adxudicado atendendo á orde de publicación destes e á orde de prelación obtida no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación dos postos aos aspirantes presentes ou representados, e entre os que quedaron sen adxudicar, no suposto de que algún destes aspirantes superase máis dunha categoría asignaráselle un posto na primeira categoría de acordo coa orde fixada nesta orde, sendo declarada na situación de excedencia por incompatibilidade na/s outra/s.

Os aspirantes que superasen o acceso ás ditadas categorías, e que estean prestando os seus servizos noutra categoría, corpo ou escala da Xunta de Galicia, elixirán destino ou, de non facelo, pasarán á situación de excedencia voluntaria por incompatibilidade na categoría que superaron de acordo co artigo 24.5º do IV convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. Neste último caso deberán presentarse ao chamamento cun certificado do responsable da unidade de persoal na que conste que o interesado presta os seus servizos na actualidade.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, podrán interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición perante o conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2005.

Jaime Pita Varela

Conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública